



Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, dun posto de encargado/a taller de escenografía (Código do posto ED.A11.00.005.15770.035, categoría 43).

Asunto: Resolución pola que se declara deserto o proceso selectivo.

Con data 12.06.2026 a Axencia Galega das Industrias Culturais convoca un proceso selectivo para a contratación, con carácter temporal, dun posto de encargado/a de taller de escenografía, ao abeiro do *V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia*.

Tras o estudo das solicitudes recibidas, o 29.06.2026 publícase, na páxina web da Axencia a listaxe provisional das persoas admitidas e non admitidas neste proceso, resultando todas non admitidas por incumprir os requisitos establecidos nas bases.

A propia resolución provisional, en aplicación da base 5.1 desta convocatoria, establece que as persoas candidatas poderán formular as alegacións que consideren oportunas, nun prazo de tres días hábiles, por razón da urxencia na cobertura do posto, a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Transcorrido este prazo, ningunha das persoas candidatas relacionadas na listaxe provisional de non admitidas, presentan alegacións que emenden as deficiencias da súa solicitude, polo que esta Axencia,

RESOLVE

Declarar deserto o proceso selectivo.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o director da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na web da Axencia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante os Tribunais de instancia de Santiago de Compostela, Sección do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Jacobo Sutil Nesta
O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

